

COMO PRESENTAR A SOLICITUDE

TIPOS DE SOLICITUDE

Todas as persoas que presenten unha solicitude deben utilizar o formulario que se incorpora como anexo II da orde de convocatoria, correspondente ao procedemento BS303A.

SOLICITUDE INDIVIDUAL

- **Prazas do procedemento xeral** indicadas no anexo I, alíneas A, B e D da orde de convocatoria: estas prazas poden ser solicitadas por calquera menor que cumpra os requisitos establecidos na orde, incluídas as persoas con discapacidade.

- **Prazas reservadas para inclusión de persoas con discapacidade** (anexo I, alínea C): as persoas cunha discapacidade igual ou superior ao 33% poderán solicitar as prazas do procedemento xeral indicadas no anexo I alíneas A, B e D ou as prazas reservadas para inclusión relacionadas no anexo I alínea C. **No caso de optar polas prazas reservadas para inclusión deberán marcar a casíña correspondente no formulario de solicitude.**

SOLICITUDE VINCULADA A OUTRA OU OUTRAS SOLICITUDES

No suposto de dous/dúas ou máis irmáns/irmás, poderase solicitar idéntica/s instalación/s, quenda/s e campamento/s, identificado/s co mesmo código e pola mesma orde de prioridade, vinculando as solicitudes entre si, de xeito que ou ben resultarán adxudicatarias todas elas para a mesma instalación, quenda e campamento, ou ben ningunha. A situación das persoas menores que convivan no domicilio en situación de acollemento familiar equipárase ás de persoas irmáns.

Todos/as os/as menores deberán, neste caso, cumprir os requisitos de idade esixidos para as instalacións, quendas e campamentos solicitados.

Na solicitude de cada unha destas persoas menores deberase indicar que se trata dunha solicitude vinculada con outra/s, marcando a casíña correspondente, e indicando o número de DNI/NIE da/s outra/s persoa/s menor/es coas que se quere vincular.

Cando se trate dunha persoa sen discapacidade que teña irmáns/irmás con discapacidade e queiran presentar solicitudes vinculadas entre si, só poderán solicitar as prazas do procedemento xeral indicadas no anexo I alíneas A, B e D. **En ningún caso unha persoa sen discapacidade igual ou superior ao 33% poderá ocupar unha praza das reservadas para inclusión no anexo I alínea C.**

O incumprimento do disposto no apartado anterior por algunha das persoas solicitantes suporá a exclusión de todas as persoas que presenten solicitudes vinculadas á desa persoa.

As solicitudes vinculadas teñen efecto durante o sorteo para a adxudicación da praza e para xerar as listas de espera. Non obstante, no momento das adxudicacións desde a lista de espera teranse en conta como solicitudes individuais.

No caso de non optar en todas as solicitudes que se vinculan por idéntica/s instalación/s, quenda/s e campamentos/s, identificado/s co mesmo código e pola mesma orde de prioridade, consideraranse solicitudes individuais non vinculadas.

COMO CUBRIR A SOLICITUDE

Os anexos de solicitude deben ser cubertos de acordo coas seguintes normas:

a) Cada persoa moza só poderá cubrir unha solicitude e elixirá, por orde de prioridade, un máximo de cinco quendas de campamento. Cada quenda vai identificada cun código no **anexo I** da orde reguladora

(alíneas A, B, C e D).

b) Os datos da persoa solicitante deben ser os da persoa moza que opta a participar nas actividades, **debedo indicarse o seu número de DNI ou NIE**.

c) As solicitudes deberanas asinar as **persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras** das persoas menores solicitantes.

d) **As persoas solicitantes deben residir na Comunidade Autónoma de Galicia** e, polo tanto, o enderezo que se inclúa na solicitude deberá ser, necesariamente, nalgún concello de Galicia.

e) No caso de que un/ha menor figure en máis dunha solicitude, sexa esta asinada pola mesma persoa proxenitora, titora ou acolledora, ou por outra distinta, serán inadmitidas todas as solicitudes dese/a menor, e este/a quedará fora da adxudicación.

f) No caso de solicitudes vinculadas, de non optar por idéntica/s instalación/s, quenda/s e campamento/s, identificado/s co mesmo código e pola mesma orde de prioridade, consideraranse solicitudes individuais non vinculadas.

A presentación da solicitude implica a aceptación das normas deste procedemento.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse **obrigatoriamente por medios electrónicos** a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Para a presentación electrónica das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Logo da presentación da solicitude asignarase un número de expediente que poderá consultarse no apartado "A miña sede" da Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

PERSOAS CON DISCAPACIDADE

As persoas que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33 % deberán facer constar esta circunstancia no apartado que figura no seu anexo de solicitude, co fin de planificar os apoios persoais necesarios, se os precisase.

As persoas solicitantes con discapacidade igual ou superior ao 33% deben optar, de conformidade co sinalado no apartado **COMO PRESENTAR A SOLICITUDE**, por unha destas dúas vías: polas prazas do procedemento xeral ou polas prazas reservadas para inclusión.

MENORES EN SITUACIÓN DE TUTELA OU GARDA ADMINISTRATIVA

As persoas menores en situación de tutela ou garda pola Administración e que se atopen en acollemento residencial, poderán participar nesta convocatoria e deberán indicar esta condición no anexo de solicitude, marcando o recadro correspondente.

Información sobre adxudicación das prazas e máis na web <https://xuventude.xunta.gal>.

PRAZOS

Presentación de solicitudes	Dez días hábiles que comezarán a contar a partir do día seguinte ao da publicación da orde de convocatoria no <i>Diario Oficial de Galicia</i> .
Consulta do expediente	O número de expediente asignado á persoa menor solicitante e os datos da solicitude poderán consultarse no apartado "A miña sede" da Sede Electrónica da Xunta de Galicia (https://sede.xunta.gal). Se na consulta se detecta algún erro ou non consta a solicitude que a persoa interesada presentou en forma e prazo, debe chamar a calquera dos números de teléfono que aparecen no anexo VI , de información sobre a convocatoria.
Emenda de erros	A comunicación dos erros deberá efectuarse, como data límite, ata tres días hábiles antes do sinalado para a realización do sorteo . Unha vez transcorrido ese día non procederá reclamación ningunha.
Sorteo público	O día, hora e lugar de realización do sorteo anunciarase na web https://xuventude.xunta.gal .
Presentación da documentación das persoas participantes seleccionadas	Nos cinco días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación do resultado do sorteo na web https://xuventude.xunta.gal .
Chamadas ás persoas participantes en listaxes de espera	A apertura da fase de reservas publicarase na web https://xuventude.xunta.gal .
Adxudicación das prazas en resultas	As prazas de resultas estarán expostas na web https://xuventude.xunta.gal , onde se anunciará a apertura desta fase.

